



NO XELMÍREZ I Xerardo Roca, impartindo unha clase de portugués. É profesor titular de galego. **FERNANDO BLANCO**

Galicia márcase como reto o achegamento ao portugués, só ensinado agora en 28 institutos

A primeira iniciativa lexislativa popular con apoio unánime contempla a súa presenza progresiva nas aulas // A reducida oferta actual é posible grazas ao voluntarismo dalgúns docentes

IOLANDA CASAL
Santiago

Xerardo Roca é profesor de lingua e literatura galegas, pero na aula Álvaro Cunqueiro do IES Xelmírez I de Santiago na que nos recibe imparte tamén clases de portugués. Faino por vontade propia. En Galicia, nos colexios e institutos non existe oficialmente professorado da lingua do país veciño, só presente nas escolas de idiomas. Pero a voluntariedade -na maioria dos casos de docentes de galego que, coma el, estudaron portugués na carreira- non abonda para que a Consellería de Cultura e Educación autorice a súa impartición. Deben contar con disponibilidade horaria, de xeito que esta oferta

non requira contratar máis persoal. Na práctica, estas limitacións colocan o ensino da lingua que comparte as raíces co galego, e que hoxe suma 250 millóns de falantes, "nunha situación de moita inestabilidade" e cunha presenza moi limitada, sinala Xerardo. Pero o escenario deberá mudar por mandato legal.

Tras entrar no Parlamento de Galicia co apoio de máis de 17.000 sinaturas, a iniciativa lexislativa popular Valentín Paz Andrade para o aproveitamento do portugués e vínculos coa lusofonía converteuse o 11 de marzo na primeira en sair adiante nesta cámara por unanimidade. O texto fixa que a Xunta incorpore "progresivamente" a súa aprendizaxe como lingua estranxeira, dentro dunha estratexia global na que os poderes públicos promovan o seu coñecemento e das culturas lusófonas tendo en conta os vencellos históricos, pero tamén o carácter estratéxico para Galicia das relacións económicas e sociais na eurorexión Galicia-Norte de Portugal.

"Agora, se o docente voluntario se traslada de centro ou se xubila, a oferta de portugués desaparece", resume Xerardo Roca, que o leva ensinando cinco anos a rapaces da ESO e bacharelato. No curso actual, segundo datos da Xunta, só 28 dos cerca de 300 institutos públicos de Galicia ensinan este idioma a uns 850 estudiantes, case todos matriculados nela na modalidade de segunda lingua estranxeira. Un deles é o María Solío de Cangas, que conta tamén cunha sección bilingüe, unha modalidade na que o portugués se emprega para ensinar distintas materias. Esta fórmula utilizase tamén no IES San Clemente de Santiago, nun ciclo medio de informática.

A nova lei abre entre

“

*Consellería de
Cultura e Educación*

“Cumprimos o mandato parlamentario atendendo a demanda de estudantes e aos recursos disponibles”

Xerardo Roca

DOCENTE NO IES XELMÍREZ

“Cun esforzo pequeno poden ter unha perfección moi grande (...). Para nós non é unha lingua estranxeira”

Alexandre

ALUMNO DE BACHARELATO

“Os galegos debemos aproveitar os vínculos que temos con Portugal para abrir portas a máis ámbitos. Pero, sobre todo pensei que podería ser útil á hora de entrar no mundo laboral ou para ir de Erasmus”, engade Alexandre, que tamén estuda inglés e francés.

Xosé Morell

PROMOTOR DA INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR

“A iniciativa é asumible por todo o mundo, teña a concepción do idioma que teña”


os docentes esperanzas de cambio, áinda que con prudencia á espera dos decretos que a desenvolvan. “Depende da vontade política que haxa para levala adiante. E a única maneira de que se efectivice é convocar oposiciones para que nos institutos entren profesores de portugués”, advirte Xerardo Roca.

EDUCACIÓN: ATENDENDO Á DEMANDA E AOS RECURSOS DISPONÍBLES. Educación non avanza detalles do desenvolvemento normativo, áinda que deja ver que haberá condicionantes. “Cumprimos o mandato parlamentario nos termos nos que se aprobou atendendo a demanda de estudantes e aos recursos disponíbiles”, responden fontes do departamento.

O desenvolvemento da lei xa non collerá aos alumnos de 2º de bacharelato do Xelmírez I nas súas aulas, pero eles xa teñen claras as vantaxes ás que fai referencia o texto. “Paréceme moi interesante estudar esta lingua, e non só pola proximidade con Portugal, porque tamén se fala noutros países”, di Tania. “Escollina porque hoxe saber linguas é moi importante e os galegos debemos aproveitar os vínculos que temos con Portugal para abrir portas a máis ámbitos. Pero, sobre todo pensei que podería ser útil á hora de entrar no mundo laboral ou para ir de Erasmus”, engade Alexandre, que tamén estuda inglés e francés.

A facilidade da súa aprendizaxe para os galegos tamén pesa, comparten docente e alumnos. “Cun esforzo relativamente pequeno poden ter unha perfección moi grande nun idioma oficial no Europarlamento e que tamén o será na ONU (...). Dende o punto de vista lingüístico, para nós non é lingua estranxeira”, conclúe Roca.

“Estremadura propúxose ser a ponte entre España e Portugal que naturalmente debe ser Galicia”



Membros da comisión promotora da lei. Foto: Antonio Hernández

Santiago. A iniciativa lexislativa popular Valentín Paz Andrade leva o nome do empresario e intelectual galego que participou no acordo ortográfico da lingua portuguesa en Río de Janeiro en 1990, que sostinha que o galego e portugués son a mesma lingua. O movemento reintegracionista, dende o que se promoveu a nova lei, segue a defender esta postura, pero propuxo un texto lexislativo “asumible por todo o mundo, teña a concepción que teña do idioma”, e á marxe de “elementos ideolóxicos ou identitarios”, facendo fincapé na vantage de que Galicia aproveite a cercanía ao mundo lusófono, explica Xosé Carlos Morell, un dos promotores.

Morell, director de exportacións nun grupo de adegas, sabe por experiencia propia desa vantage, máis alón da comunicación con Portugal ou unha gran

potencia emergente como Brasil. “Cando abrimos mercado en China, fixémoslo vía Macau e falando portugués”, lembra. Ademais de neste territorio chinés, é lingua oficial en 9 países, e tamén a de alfabeto latino más falada do mundo despois do inglés e do español.

Marcos Vence, profesor de informática do IES San Clemente de Santiago, quere que o seu alumnado lle saque proveito. O centro conta cunha sección bilíngüe no ciclo medio de Sistemas.

Tres alumnos do IES San Clemente fan prácticas en Lisboa nunha multinacional

“Cando abrimos mercado en China, fixémoslo vía Macao”, lembra Morell

temas Microinformáticos e Redes en portugués que, asegura, está a dar bons resultados. “Aprenden unha lingua nova que supón un feito diferencial no seu currículo, e con relativa facilidade en comparación co inglés, grazas ao coñecemento previo do galego”, indica Vence.

Tres alumnos están a facer as súas prácticas en Lisboa, na multinacional Teleperformance, que lles ofrece unha experiencia imposible de atopar para ciclos medios no tecido empresarial compostelán. A aprobación da Lei Paz Andrade, confía, debería facilitar a conservación desta sección bilíngüe e das posibilidades que brinda.

Experiencias como esta son ata agora unha excepción en Galicia. A docencia do portugués só está normalizada en escolas de idiomas, nas que suma este curso uns 1.260 matriculados. Valentim Fagim, docente na de Vilagarcía, tamén espera que a lei sirva para recuperar un tempo perdido que, advierte, gañou Estremadura. “Decidiu que o portugués sexa un factor estratégico e propúxose ser a ponte entre España e Portugal que naturalmente debe ser Galicia”, di Fagim.

Esta comunidade reconoce o portugués como unha “prioridade absoluta”, en palabras do seu secretario xeral de Educación, e así o reflicte a súa lei de educación de 2011. Vai máis alón que a Paz Andrade e reza que a Junta de Estremadura adoptará “as medidas efectivas” para que o portugués sexa a segunda lingua estranxeira nos centros sostidos con fondos públicos”.

ALEI

Carácter estratégico económico e social

Coa nova lei aprobada o pasado 11 de marzo, os poderes públicos galegos deberán promover o coñecemento da lingua portuguesa e das culturas lusófonas “para afondar nos vencellos históricos” que unen Galicia coas comunidades con ese idioma, pero tamén polo “carácter estratégico” que se lle recogen ás relacións económicas e sociais no marco da eurorexión Galicia-Norte de Portugal.

Do ensino á presenza en foros lusófonos

O articulado reza tamén que a Xunta incorporará “progresivamente” a aprendizaxe do portugués no ámbito das competencias en linguas estranxeiras nos centros de ensino. O fomento do seu coñecemento inclúe ademais de maneira especial aos empregados públicos. A participación das institucións en foros lusófonos, dende o eido económico ao cultural, tamén deberá ser promovida.

Audiovisual sen fronteiras

A Xunta deberá procurar a adopción das medidas para permitir a reciprocidade das emisións televisivas e radiofónicas entre Galicia e a CRTVG promoverá intercambios de producións audiovisuais con televisións lusófonas.

Seguimento anual

O Goberno realizará un informe anual sobre o cumprimento desta lei.